



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

SESION PLENARIA ORDINARIA

DÍA VENRES 9 DE MARZO DE 2018

No SALÓN PLENOS CONCELLO DE FRADES, cando son as 14:15 horas do día venres 9 de marzo de 2018, a fin de celebrar Sesión Ordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

D^a. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Jesús Francos Sánchez, D. Ramón Garabato Boga, D. Óscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. Juan Carlos Portos Bra, D. José María Pérez Lagos, D^a. Nelly Iglesias Rey, D^a Lorena Suárez Pardo; baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria- Interventora do Concello D^a Carmen Gómez Otero.

ORDE DO DÍA.

1.- ASUNTO: APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, as actas das sesións extraordinarias do Pleno celebradas os días 28 de decembro de 2017 e 19 de xaneiro de 2018

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma.

Non se formulan observacións, polo que o Pleno, por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as actas das sesións extraordinarias do Pleno celebradas os días 28 de decembro de 2017 e 19 de xaneiro de 2018

PROPOSTAS ORDINARIAS:

2.- ASUNTO: DACIÓN EN CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.-

Dáse conta dos decretos da Alcaldía dende o nº 288/2017 ata o número 40/2018 en formato PDF.

3.- ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.-

O Alcalde- Presidente explica que se trata de armonizar nunha ordenanza as modificacións da Ordenanza fiscal aprobadas no 2003 e no 2009. No se trata de subir as tarifas, senón de presentar unha regulación armonizada.

A continuación o Alcalde concédelle a palabra ao concelleiro de Facenda Don Manuel Ferreiro Marzoa que explica que se trata de refundir todas as modificacións levadas a cabo nos



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

exercicios anteriores e en concreto:

- Modificación da Ordenanza do IVTM aprobada no 2002 (18/06/2002), que é a que se recolle na páxina da Deputación.
- Modificación aprobada inicialmente no Pleno de data 03/11/2003, sobre a aplicación do coeficiente do 1.20 sobre as tarifas do IVTM.
- Modificación aprobada no 2009, que recollía unha bonificación do 75%.

<<No que máis insistimos é no artigo 9, que regula as bonificacións, debido a que hai que actualizalas ao tipo de vehículos existentes actualmente no mercado>>.

Visto o Informe de Secretaría sobre procedemento aplicable ref CF-

Visto o proxecto de modificación da Ordenanza fiscal do IVTM elaborado pola Concellería de Facenda co teor literal seguinte:

<< ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Sumario:

- Artigo 1.º . Fundamento e natureza
- Artigo 2º . Normativa aplicable
- Artigo 3º . Feito imponible
- Artigo 4º .- Supostos de non suxeición
- Artigo 5º .-Suxeitos pasivos
- Artigo 6º .-Responsables
- Artigo 7º .-Exencións
- Artigo 8º .-Cota tributaria
- Artigo 9º .-Bonificacións
- Artigo 10º .-Período impositivo e deveción
- Artigo 11º .- Xestión do imposto
- Artigo 12º . Xustificación do Imposto
- Disposición adicional única
- Disposición Final

Artigo 1.º . Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 59, en relación cos seus artigos 92 a 99, do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o imposto sobre vehículos de tracción mecánica, é un tributo directo, de carácter obrigatorio.

Artigo 2º . Normativa aplicable

O imposto sobre vehículos de tracción mecánica, rexerese neste Concello:

a) Polas normas reguladoras deste, contidas no texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e polas demais disposicións legais e regulamentos que complementen e desenvolvan a dita lei.

b) Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 3º . Feito imponible

(FECHA: 12/03/2018 00:00:00)

(FECHA: 12/03/2018 00:00:00) , Roberto Rey Martínez

(FECHA: 12/03/2018 00:00:00)

FIRMADO POR Carmen Gómez Otero

Versión imprimible

CVD: KomvtPuQZ6YmOEcIo4PX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

1.-O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un imposto directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.

2.-Considerase vehículo apto para a circulación o que fose matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non tivera causado baixa nos mesmos. Para os efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3.-A xestión, liquidación, recadación, inspección, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria corresponderá a este Concello cando o enderezo que figure no permiso de circulación do vehículo radique no termo municipal.

Artigo 4º .- Supostos de non suxeición

Non estarán suxeitos a este imposto:

a) Non están suxeitos a este imposto os vehículos que, sendo dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poden ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desta natureza.

b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica de carga útil non superior a 750 quilogramos

Artigo 5º .-Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos deste imposto, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire ó artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a nome das cales conste o vehículo no permiso de circulación.

Artigo 6º .-Responsables

Todo o relativo a os responsables deste tributo, determinarase de conformidade a o previsto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; na Lei Xeral Tributaria, artigos 41 a 43; no Regulamento Xeral de Recadación e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 7º .-Exencións

1. Estarán exentos do imposto:

a) Os vehículos oficiais do Estado, comunidades autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

b) Os vehículos de representación diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao.

Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

c) Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.

d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria, ou ó traslado de feridos ou enfermos.

e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida que se refire a letra A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de discapitados para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan as devanditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios destas por máis dun vehículo simultaneamente.

Para os efectos do disposto neste parágrafo, se consideran persoas discapacitadas quen teña esa condición legal en grado igual ou superior ó 33 por cento.

f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.

g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da libreta de inspección agrícola.

2. Para poder gozar das exención a que se refiren as letras e) e g) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar súa concesión, con anterioridade ao decheño do imposto, indicando as características do vehículo, a súa matrícula, a causa do beneficio e acreditar mediante a presentación da documentación na que consten a realidade do alegado. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia. Esta solicitude deberá renovarse cada ano, presentando os documentos necesarios. En caso de presentar a solicitude con posterioridade ao decheño do imposto, a concesión da exención terá efectos desde o período impositivo seguinte ao da solicitude.

Xunto coa petición de exención regulada no parágrafo e) do apartado 1 deste artigo os interesados deberán axunta-la seguinte documentación:

Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:

1.-Fotocopia do certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellería de Política Social no que conste o grao e a clase de discapacidade padecida.

2.-Fotocopia do permiso de condución (anverso e reverso). Exhibición do orixinal no momento da presentación.

3.-Fotocopia do permiso de circulación a nome do discapacitado. Exhibición do orixinal no momento da presentación.

4.-Fotocopia da póliza de seguro do vehículo no que figure o condutor habitual do mesmo.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Exhibición do orixinal no momento da presentación.

- 5.-Fotocopia DNI.
- 6.-Fotocopia da ficha técnica do vehículo.
- 7.-Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.
- 8.-Estar empadroado no Concello de Frades.

Queda condicionada esta concesión, á liquidación de débedas pendentes do Concello por tódolos conceptos.

Vehículos destinados ó transporte de persoas discapacitadas

1.-Fotocopia do certificado do grado de discapacidade expedido pola Consellería de Política Social no que conste, o grado e a clase de discapacidade padecida.

2.-Fotocopia do permiso de circulación a nome da persoa discapacitada. Exhibición do orixinal no momento da presentación.

3.-Fotocopia da póliza de seguro do vehículo. Exhibición do orixinal no momento da presentación.

4.-Fotocopia DNI da persoa discapacitada e do condutor habitual do vehículo.

6.-Fotocopia da ficha técnica do vehículo.

7.-Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

8.-Estar empadroado no Concello de Frades.

Queda condicionada esta concesión, á liquidación de débedas pendentes do Concello por tódolos conceptos, así como ó oportuno informe, en caso necesario da policía local ou persoal técnico encargado

As exencións que no seu caso se concedan en calquera dos dous supostos anteriores, non serán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por mais dun vehículo simultaneamente.

Artigo 8º .-Cota tributaria

1.-O imposto esixirase de acordo co cadro de tarifas establecido no artigo 95.1 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que se incrementará, dentro dos límites permitidos polo artigo 95.4 da referida Lei, pola aplicación sobre o mesmo dun coeficiente do 1,20 polo que as cotas a satisfacer serán as seguintes :

A) Turismos:

De menos de 8 cabalos fiscais: 15,15 euros.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

De 8 ata 11.99 cabalos fiscais: 40,89 euros.

De 12 ata 15.99 cabalos fiscais: 86,33 euros.

De 16 ata 19.99 cabalos fiscais: 107,53 euros.

De 20 cabalos fiscais en adiante: 134,40 euros.

B) Autobuses:

De menos de 21 prazas: 99,96 euros.

De 21 a 50 prazas: 142,36 euros.

De máis de 50 prazas: 177,95 euros.

C) Camións:

De menos de 1.000 kg de carga útil: 50,74 euros.

De 1.000 a 2.999 kg de carga útil: 99,96 euros.

De máis de 2.999 a 9.999 kg de carga útil: 142,37 euros.

De máis de 9.999 kg de carga útil: 177,96 euros.

D) Tractores:

De menos de 16 cabalos fiscais: 21,20 euros.

De 16 a 25 cabalos fiscais: 33,32 euros.

De máis de 25 cabalos fiscais: 99,96 euros.

E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:

De menos de 1.000 kg e máis de 750 kg de carga útil: 21,20 euros.

De 1.000 a 2.999 kg de carga útil: 33,32 euros.

De máis de 2.999 kg de carga útil: 99,96 euros.

F) Outros vehículos:

Ciclomotores: 5,30 euros.

Motocicletas ata 125 cc.: 5,30 euros.

Motocicletas de máis de 125 cc. ata 250 cc.: 9,08 euros.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Motocicletas de máis de 250 cc. ata 500 cc.: 18,17 euros.

Motocicletas de máis de 500 cc. ata 1.000 cc.: 36,34 euros.

Motocicletas de máis de 1.000 cc.: 72,70 euros.

2.-Para os efectos de facilita-la aplicación das tarifas, deberanse ter en conta a seguinte normativa:

A) en canto a clasificación dos vehículos, o anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro, que recolle nas súas letras "A", "B" e "C", as "Definicións", "Clasificación por criterios de Construción" e "Clasificación por criterios de utilización"

B) En canto a determinación da potencia fiscal, mediante as formulas recollidas no anexo V do referido Regulamento Xeral De Vehículos.

3.-No caso de que nas Leis de Presupostos do Estado modificárase o cadro de tarifas recollido no artigo 95.1 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o indicado coeficiente de 1,20 aplicarase sobre as novas tarifas fixadas nas referidas Leis de Presupostos estatais.

Artigo 9º .-Bonificacións

1.-Terán unha bonificación do 75% na cota do imposto os vehículos eléctricos, durante cinco anos naturais contados desde a data de primeira matriculación do vehículo.

1.1- Gozarán dunha bonificación do 25 % os vehículos híbridos (motor eléctrico-diésel, motor eléctrico-gasolina ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, axeitados á súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes ou que se trate de vehículos que utilicen como combustible biogás, gas natural comprimido, metano, metanol ou hidróxeno.

Os interesados deberán presentar a solicitude de bonificación con anterioridade a data do deño do Imposto. En caso contrario, a concesión da bonificación terá efectos desde o período impositivo seguinte ao da solicitude.

Os interesados deberán aportar a ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalguna das categorías previstas neste apartado.

2.-Gozarán dunha bonificación do 100% na cota os vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte cinco anos contados a partir da data da súa fabricación, tomándose como tal, si esta non se coñecera, a da súa primeira matriculación o, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo o variante deixou de fabricar.

Para poder gozar da bonificación, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a antigüidade. Para estes efectos deberán acompañar á solicitude de bonificación os documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos para gozar da mesma, ben por medio de copia compulsada da ficha técnica, o permiso de circulación do vehículo ou o certificado do fabricante ou de Industria respecto da data na que deixou de fabricarse o modelo en cuestión. No caso de vehículos históricos acreditarase aportando a catalogación como tal polo órgano



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

competente da comunidade Autónoma.

3.- Bonificación do 50% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas e 75% para familias numerosas especiais.

O petionario deberá xustificar, así mesmo, estar ao corrente no pago do imposto mediante a exhibición dos recibos dos catro últimos exercicios ou certificado equivalente.

Os interesados deberán presentar a solicitude antes da data do decheño do imposto. En caso contrario a exención aplicarase desde o exercicio seguinte ao da solicitude. Declarada a bonificación pola Administración tributaria local, expedirase un documento que acredite a súa concesión.

Artigo 10º .-Período impositivo e decheño

1.- O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo comezará o día no se produza a devandita adquisición.

2.-O imposto se decheña o primeiro día do período impositivo.

3.-O importe da cota do imposto prorratarase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o prorrateo da cota nos mesmos termos nos supostos de baixa temporal por subtracción ou roubo do vehículo, todo isto desde o momento no que se produza dita baixa temporal no Rexistro público correspondente.

Artigo 11º .- Xestión do imposto

1.-Nos supostos de adquisición e primeira matriculación dos vehículos o cando estes se reformen, de xeito que altere a súa clasificación aos efectos do presente Imposto, os suxeitos pasivos ou os seus representantes presentarán ante a Administración municipal ou ante os servizos de xestión tributaria da Excm. Deputación Provincial de A Coruña, e con carácter previo a súa matriculación na Xefatura Provincial de Tráfico, no prazo de trinta días, que comezará a contar desde a data de adquisición ou reforma, autoliquidación do imposto.

2.-Nos supostos de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para circular, o Imposto xestiónase a partir do Padrón anual do mesmo.

As modificacións do padrón fundamentaranse nos datos do Rexistro de Tráfico e nas Comunicacions da Xefatura de Tráfico relativas a altas, baixas, transferencias, reformas dos vehículos, sempre que se altere a súa clasificación a efectos deste Imposto, e cambios de enderezo.

O padrón do Imposto expoñerase ao público por un prazo dun mes para que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formulalas reclamacións oportunas. A exposición ao público do Padrón anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

O prazo de ingreso das débedas de cobro por recibo notificadas colectivamente determinarase cada ano e anunciarase publicamente no Boletín Oficial de la Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Finalizado o prazo de pago voluntario sen que a débeda fora satisfeita, iniciarse o período



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

executivo de recadación, o que comportará o deveción do recargo do 20% do importe da débeda non ingresada, así como o dos xuros de demora correspondentes. O devandito recargo será do 5% cando a débeda se ingrese antes de que fora notificada a providencia de constrinximento e do 10% cando se ingrese a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e o propio recargo antes da finalización do prazo previsto no artigo 62.5 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

3.-Sen embargo, unha vez abonada a cota do Imposto, se algún contribuínte estimase que ten dereito á devolución poderá solicitala dentro do prazo determinado ao efecto e por algunha das causas previstas na Lexislación vixente.

Artigo 12º . Xustificación do Imposto

1.-O pago do imposto acreditarase mediante o impreso de autoliquidación ou o recibo, debidamente validado pola Entidade recadadora.

2.-Quenes soliciten ante a xefatura Provincial de Tráfico a matriculación ou a certificación de aptitude para circular un vehículo, deberán acreditar previamente o pago do imposto.

3.-Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de enderezo que conste no permiso de circulación do vehículo, o de baixa de ditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pago do último recibo presentado ao cobro do imposto, sen prexuízo de que sexa esixible, por vía de xestión e inspección, o pago de tódalas débedas por dito concepto, deveñadas, liquidadas, presentadas ao cobro e non prescritas. Exceptúase da referida obrigación de acreditación o suposto das baixas definitivas de vehículos con quince ou mais anos de antigüidade.

4.-As Xefaturas Provinciais de Tráfico non tramitarán os expedientes se non se acredita previamente o pago do imposto, nos termos establecidos nos apartados anteriores

Disposición adicional única

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado o calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento do presente imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza

Disposición Final

A presente ordenanza fiscal, foi aprobada no pleno de...>>

Tralas deliberacións correspondentes, o Pleno da Corporación, por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA tal e como se recolle no texto da Ordenanza transcrito anteriormente.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [*dirección* <https://www.concellodefrades.gal>].



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto

4.- ASUNTO: INFORMES DA ALCALDÍA.-

1.- SOLICITUDE DE SUBVENCIONS:

1.1.- SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE VICEPRESIDENCIA SOBRE INFRAESTRUCTURAS. IMPORTE: 50.429,17 euros. DENOMINACIÓN DO PROXECTO: << Humanización entorno Centro de Saúde de Abellá>>.

1.2.- FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL. VICEPRESIDENCIA. DENOMINACIÓN DO PROXECTO: << Mellora, mantemento e protección do ambiente e do medio natural nos Concellos de Frades e Mesía>>. IMPORTE: 48.000,00 euros (funcionamento) e 48.000,00 euros (investimento).

1.3.- CONSELLERÍA DE TURISMO. DENOMINACIÓN DO PROXECTO: << Mellora da sinalización turística de Frades>>. IMPORTE: 49. 629,90 euros.

1.4.- AGADER. PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS. DENOMINACIÓN DO PROXECTO: <<Camiño da Figueira aos Canedos (Mesos) e outros>>. IMPORTE: 71. 941,76 euros, dos que 59.456 euros os financia AGADER.

1.5.- FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL). CONCELLERÍA DE INDUSTRIA E EMPREGO. 4traballadores durante 9 meses. 100% xornada.

1.6.- PROGRAMA FOMENTO DA CONCILIACIÓN E LECER 2018. Solicitud 7.000,00 euros.

2.- **CASA NIÑO:** concesión pola Xunta de Galicia en Frades da segunda Casa niño. Previsión de apertura a finais de abril.

3.- **APROBOUSE A APERTURA DA LICITACIÓN DO PROXECTO DE <<ABASTECIMENTO DE AUGA ÁS PAROQUIAS DE MOAR E AÑÁ>>**, por importe de 790. 821,37 euros. Prazo de execución de 8 meses. O prazo para presentar ofertas remata o día 9 de abril de 2018, polo que en maio aberase quen é o adxudicatario.

4.- **ACTIVIDADES PRIMAVERA E SEMANA SANTA 2018.** O Alcalde procede a explicalas.

5.- **PROXECTO DE REPARACIÓN DE BEIRARRÚAS DA ESTRADA DP 3802.** Aprobouse nun Pleno da Deputación de febreiro 2018. Agradecemento ao Alcalde de Dumbría polo interese. O orzamento ascende ao importe de 198. 734, 29 euros. Atópase pendente de licitación.

6.- **BONIFICACIONS ÁS EXPLOTACIONES GANDEIRAS.** Terán que presentar a documentación aqueles que queiran solicitar novas altas ou baixas unicamente.

7.- **DÍA DA MULLER.** Salientar as actividades realizadas no colexio da Ponte. Actividade para os nenos e nenas de Infantil e Primaria de pintar unha muller importante na súa vida. Repartíronse tres premios. Móstrase pola Alcaldía o agradecemento ao colexio.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Procédese á lectura da Declaración Institucional do Concello de Frades con motivo da conmemoración do 8 de marzo. Día internacional da muller 2018.

8.- CIM. Presenta unha app que se pode descargar polos usuarios/as.

9.- MEDIO RURAL: No día de hoxe o Alcalde- Presidente asistiu a un acto na Cidade da Cultura no que se procedeu á devolución aos Concellos de parcelas sen aproveitamento agrícola ou forestal. Ao Concello de Frades devolvéronnos 29 parcelas dándonos as escrituras de cada unha delas.

10.- CESE DA SECRETARIA- INTERVENTORA: O Alcalde expresa o seu agradecemento á Secretaria- Interventora por todos estes anos, pola súa profesionalidade e adicación, e informa sobre o próximo cese debido a que a praza de Secretaría ao incluírse no concurso unitario polo Ministerio, cubriuse por unha secretaria que tomará posesión próximamente en canto se adxudiquen definitivamente as prazas debendo cesar a Secretaria- Interventora actual.

5.- ASUNTO: ROGOS E PREGUNTAS.-

O concelleiro do BNG Don José María Pérez Lagos expresa o seu cariño á Secretaria- Interventora e di que non ten ningunha pregunta para que a Secretaria non escriba máis por ser o seu último pleno, xa que xa redactou moito neste anos. Expressa todo o seu agradecemento dende o grupo municipal do BNG.

A Secretaria- Interventora expresa asemade o cariño e agradecemento ao Alcalde e a todos e cada un dos 10 concelleiros e concelleiras que forman a Corporación.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 14:55 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde-Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE

Roberto Rey Martínez

A SECRETARIA

Carmen Gómez Otero